

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 21 de decembro de 2022 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo e no Paraninfo, que poden ser do seu interese:

- * Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 29 de novembro de 2022.
- * Aprobación do establecemento do teito de gasto para o exercicio orzamentario 2023.
- * Aprobación do proxecto de orzamentos da Universidade de Vigo para 2023.
- * Aprobación da proposta de aceptación de doazóns, para a súa elevación ao Consello Social.
- * Aprobación da selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de Catedrático/a de Universidade correspondentes á Oferta de Emprego Público para PDI da Universidade de Vigo para o ano 2021 e 2022, e da creación de prazas correspondente.
- * Aprobación da selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de Profesorado Titular de Universidade correspondentes á Oferta de Emprego Público para PDI da Universidade de Vigo para o ano 2021 e 2022, e da creación de prazas correspondente.
- * Aprobación da selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de Profesorado Contratado Doutor correspondentes á Oferta de Emprego Público para PDI da Universidade de Vigo para o ano 2022, e da creación de prazas correspondente.
- * Aprobación da selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de Profesorado Titular de Universidade correspondentes a Oferta de Emprego Publico do ano 2021 para persoal investigador “Ramón y Cajal” con certificación I3, e da creación de prazas correspondentes.
- * Aprobación da proposta de creación do Instituto de Agroecoloxía e Alimentación.
- * Aprobación da prórroga da condición de investigadora honorífica da Universidade de Vigo de María Loureiro García.
- * Nomeamento de dous membros do estudantado para a Comisión de Mobilidade Internacional:
 - a. Inara Domínguez Pinto.
 - b. Beatriz Longa Alonso

O secretario xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.